



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
XEFATURA

DESTINATARIO

SRA. DELEGADA TERRITORIAL DA XUNTA DE
GALICIA EN VIGO

Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

R/ Concepción Areal nº 8

Vigo

Estimada Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo:

Trala xuntanza mantida o pasado 23 de novembro o Concello de Vigo está á espera de recibir o proxecto definitivo que estea suxeito ás determinacións do PXOM vixente. A concreción da ocupación precisa do ámbito agora necesario para a actuación, permitirá aos nosos técnicos facer as valoracións pertinentes.

Có obxecto de realizar xuntanzas que permitan avanzar, é necesario que remitan o citado proxecto a este Concello tal e como vimos demandando de forma reiterada, para así comprobar que as novas dimensións da actuación se axustan ao ámbito da mazá M-7.

Como sabes o proxecto presentado polos redactores a esta Xerencia Municipal de Urbanismo na pasada lexislatura, nin na súa totalidade nin na denominada primeira fase axustábase ao PXOM, polo que é imprescindible contar có proxecto real a executar e poder tomar así as determinacións oportunas.

Obvia dicir que a execución da Cidade da Xustiza é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, por esta razón prego se remita con presa o novo proxecto da Cidade da Xustiza a este Concello para poder cumprimentar os informes técnicos necesarios para que se poidan avaliar, posteriormente, os canles de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

—
Atentamente, un saúdo.



Vigo, 17 de xaneiro de 2012
A Xerente de Urbanismo

María Carneiro López